

# MESA SECTORIAL

## MESA SECTORIAL DO DÍA 7 DE XUÑO DE 2018 (CONTINUACIÓN DAS DOS DÍAS 16, 22,29 e 1 DE XUÑO)

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: HOMOLOGACIÓN RETRIBUTIVA.

A Administración nos fai entrega do documento cos prazos e a suba a 75 euros mensuais que nos propuxo ao final da última Mesa Sectorial.

CIG Ensino mantén a súa proposta de 150 euros.  
CCOO establece unha proposta de 100 euros.

Na nosa primeira intervención ANPE Galicia quere que conste en acta que estamos a falar dunha subida salarial para todo o profesorado ante os rumores xurdidos de que non vai afectar a todo o profesorado (laboral, inspección, etc). A proposta que nos presenta hoxe a Administración é a que nos propuxo ao final da última Mesa. ANPE xa afirmou na última Mesa que non imos a entrar nunha guerra de subidas e baixadas. ANPE si está disposta a negociar cos prazos de aplicación do Acordo. ANPE propón mellorar a súa última proposta en canto aos prazos e propoñemos unha suba dun terzo en setembro de 2018, un terzo en xaneiro de 2019 e un terzo en setembro de 2019. En canto á contía da suba proposta desde ANPE Galicia estamos moi lonxe do que pretendemos aínda que sabemos que estamos a falar dunha subida en 14 pagas cando nos anteriores acordos se facía referencia a unha subida en 12 pagas. ANPE Galicia é consciente deste feito pero vemos difícil acadar un acordo xa que as cantidades propostas pola Administración e ás que aspira a nosa Organización Sindical difiren bastante.

Polo tanto ANPE propón unha flexibilización nos prazos de aplicación pero non move a súa última proposta económica de 115 euros de subida lineal para todo o profesorado.

**A Administración, despois da intervención das organizacións sindicais, non fai ningún movemento no calendario de aplicación e sube 5 euros no tramo do 01/01/2021 e fixa a suba en 80 euros mensuais para todo o profesorado.**

Na nosa segunda intervención incidimos no anteriormente exposto de que non imos a entrar nunha dinámica de subidas e baixadas polo que non imos a mover a nosa proposta de 115 euros. Si podemos negociar cos prazos de aplicación. Veríamos con bos ollos na cláusula de revisión algo similar ao acordado en Xustiza e que no último prazo de aplicación do Acordo se reunise a Comisión de seguimento para valorar a apertura de novas negociacións se a deshomologación é importante.

**A Administración considera que esta negociación da para pouco máis xa que non aprecia moitos movementos por parte da parte sindical. Na Mesa Sectorial de mañá, ás 11:00 horas presentará a súa última proposta retributiva para a súa valoración por parte das organizacións sindicais.**

Sen máis temas que tratar péchase a sesión sendo as 17:45 horas